




## AUTONOMÍA E MADUREZA MORAL



*"Broken Chain Illustration", Image by Freepik*



# ÍNDICE

---

## AUTONOMÍA E MADUREZA MORAL

1. A ÉTICA DENTRO DOS SABERES FILOSÓFICOS.....	1
1.1 Introducción.....	1
1.2 Obxecto da ética.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
2. ÉTICAS MATERIAIS & ÉTICAS FORMAIS.....	3
2.1 Éticas materiais.....	3
2.2 Éticas formais.....	4
2.3 Resumo das diferenzas.....	6
<i>Exercicios</i> .....	6
3. DA HETERONOMÍA Á AUTONOMÍA MORAL.....	7
3.1 Introducción.....	7
3.2 A conquista da autonomía moral.....	8
3.3 O desenvolvemento moral de Lawrence Kohlberg.....	9
<i>Exercicios</i> .....	11
SOLUCIÓNS.....	12

## 1. A ÉTICA DENTRO DOS SABERES FILOSÓFICOS

---

### 1.1 Introducción

O nacemento da filosofía occidental tivo lugar aproximadamente no século VI a.C. nas colonias da Xonia (occidente da actual Turquía) e na Magna Grecia (no sur da actual Italia). Os **presocráticos** –considerados os primeiros filósofos– centráronse no estudo da natureza (*physis*). Trataron de comprender os cambios que observaban nela e buscar a razón que os explicaba, a orixe ou a **esencia** desa natureza, que eles chamaron **arxé**. Por esta razón esta época da filosofía chamouse **período cosmolóxico**.

Pero no século V a.C., época de maior esplendor de Atenas e do nacemento da democracia, houbo un **xiro antropolóxico** da filosofía coa aparición dos **sofistas** e de **Sócrates**. Este xiro significou que a natureza (*physis*) deixou de ser a preocupación central dos filósofos da época e pasou a ser o propio **home e a sociedade** en que vive.

**Os sofistas**, os primeiros mestres profesionais coñecidos (cobraban polas súas ensinanzas), dende unha **postura relativista** (todo adquire sentido nun contexto sociocultural), incluso **escéptica** (non hai unha verdade absoluta ou universal), foron os primeiros en establecer unha clara diferenza entre **physis** e **nomos**. É dicir, entre unha natureza que se rexe por principios invariables, **leis físicas universais e necesarias**, e unhas normas ou **leis creadas polo home (convencionais)** e xustificadas nas distintas tradicións e costumes de cada sociedade.

Fronte a esta postura dos sofistas que afirmaban que o **nomos** (as normas e a leis) é un convencionalismo dos homes, é dicir, creado e cambiado historicamente segundo conveña en cada época, emerxe a figura de Sócrates, o cal negou ese convencionalismo ético e defendeu a existencia de normas universais, tamén no ámbito da sociedade.

### 1.2 Obxecto da ética

O debate iniciado polos sofistas e Sócrates arredor do valor das normas morais do home, distinguíndoas claramente das leis da natureza, representa o inicio da reflexión filosófica sobre a ética.

Deste modo, o obxecto da ética é o comportamento humano en canto pode ser valorado moralmente, é dicir, en termos do que é bo ou malo, xusto ou inxusto, correcto ou incorrecto. A ética estuda as accións humanas dende a perspectiva da súa dimensión moral.

Neste contexto, a ética busca comprender os principios e valores que a deben guiar nas accións humanas para alcanzar unha vida virtuosa, xusta e harmoniosa, tanto a nivel individual como social.



Os temas principais que aborda a ética son os seguintes:

- A natureza do **ben** e do **mal**.
- **Os valores morais** (xustiza, liberdade, honestidade, etc.).
- **Os valores e normas morais** que deben guiar as accións humanas.
- **As virtudes e os vicios** do carácter humano
- A **responsabilidade moral** e o deber.
- **A relación entre o individuo e a sociedade** en termos éticos.

En definitiva, o obxecto de estudo da ética é a análise do **que debemos facer para vivir de maneira correcta** e actuar moralmente nas nosas relacións **cos demais e con nós mesmos**.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

A orixe da moral é o costume. Arranca das pautas vinculadas ao grupo social e á tarefa da supervivencia. Dende aí, os códigos de comportamento foron evolucionando e necesitado da razón e do entendemento como nova fonte da moral. Neste sentido, falamos de filosofía moral: ética. Así podemos soste que a ética sempre será unha actividade teórica e a moral, unha práctica, máis conectada á acción.

Cuestións:

- a) Cal é a idea central do texto?
- b) Como explicarías a diferenza fundamental entre a ética e a moral?

## 2. ÉTICAS MATERIAIS & ÉTICAS FORMAIS

---

Ao longo da historia da filosofía xurdiron numerosas teorías éticas con base na súa consideración sobre as razóns que xustifican unha norma, pero todas elas podemos resumilas en dúas categorías: éticas materiais e éticas formais.

As éticas materiais e as éticas formais son dous grandes enfoques na filosofía moral, que difiren en como definen os principios morais e as normas de conduta.

### 2.1 Éticas materiais

As éticas materiais céntranse nos **contidos concretos** das accións que deben ser realizadas para acadar un ben particular. É dicir, establecen **que debemos facer** con base en fins, valores ou bens específicos. Estas éticas indican o que é bo e desexable en función de algo externo á vontade ou á razón, como o pracer, a felicidade, o benestar, o poder, etc... Caracterízanse por seren teleolóxicas (do grego "*telos*", que significa "fin" ou "*propósito*", porque avalían as accións en función dos resultados ou consecuencias que producen.

Imos clarificar isto:

- a) **Son éticas teleolóxicas** aquelas en que os seus principios e normas (imperativos) están sempre dirixidos á busca dun **fin ou ben supremo**. Este pode ser a felicidade (*eudemonismo* aristotélico), o pracer ou benestar (hedonismo), a salvación transcendente (cristianismo, islamismo, etc..), os cartos (materialismo), etc.
- b) **Subxectividade**. As éticas materiais son o *reino da subxectividade*, posto que a cada fin último corresponde un novo código ético. Ás veces nin sequera nos guiamos por códigos coherentes senón que inesperadamente cambiamos de código e alternamos os fins: nun mesmo día poden ser egoístas, altruístas, materialistas e cristiáns... Ademais, a natureza humana é proclive á proliferación ilimitada dos fins en que basea a súa felicidade. Ten unha capacidade de desexar tan desmedida que apetecen mesmo fins que son contrarios á súa propia natureza.
- c) Por iso as éticas materiais conducen necesariamente ao **pluralismo ético**, cando non a unha simple ética de circunstancias (hoxe interésame seguir un fin, mañá outro e pasadomañá outro contrario ao primeiro e segundo).
- d) Son **éticas empíricas ou a posteriori**. O que determina a vontade de actuar son motivos baseados na experiencia, nos contidos e **nas consecuencias** visibles, probadas e avaliábeis da conduta. O que fai boa ou mala unha acción é o resultado dela, non a vontade.
- e) Son **éticas heterónomas**. Unha vontade heterónoma decide sempre por motivos externos á propia vontade racional (interese, desexo ou medo), non por un acordo interno da vontade coa súa propia norma.

- f) **Imperativo hipotético.** As éticas materiais baséanse en principios ou *imperativos hipotéticos*. Tales imperativos non son leis morais, pois **non valen de forma universal e necesaria**. Só valen dun **modo condicional**, como medio **para alcanzar un fin**. Son imperativos particulares, limitados por unha concepción determinada do ben. "*Debes facer X, se queres conseguir Y*". (Debes ser "bo" se queres ir ao ceo.. ou debes cumprir a lei se non queres ir para o cárcere).

## 2.2 Éticas formais

As éticas formais, pola contra, non se ocupan dos fins que debe alcanzar a acción, senón da **forma ou dos principios universais que guían a acción moral**. En lugar de dicir o **que** debemos facer, céntranse no **como** debemos actuar. Están baseadas en principios ou normas que son universais e non dependen dun ben particular ou das consecuencias das accións. A validez moral da acción deriva de se esta respecta principios universais e necesarios, independentemente dos resultados.

O filósofo alemán I. Kant (Königsberg 1724-1804) criticou as éticas materiais por subxectivas e heterónomas e, como xa vimos, a norma non se xustifica na vontade ou conciencia do individuo, senón nun fin externo. Para Immanuel Kant **o que ten auténtico valor moral** non son as accións que están dirixidas pola inclinación natural e incuestionable do ser humano á busca dun fin, senón as que teñen como obxectivo o **cumprimento preciso do sentido do deber**. Por exemplo, ten pouco ou ningún mérito moral devolver o diñeiro que un atopa por temor ás consecuencias que ten incumplir a lei. Pero si o ten cando se fai por acordo da conciencia moral coa súa pura obriga de respectar os bens alleos, aínda que o castigo de incumplir a lei xamais puidese alcanzarte, é dicir, aínda que ninguén te vise. Segundo exemplo, golpeas outro coche ao aparcar no cal non está o condutor, e deixas o teléfono no parabrisas para avisalo e dar parte. Por que o fas? Por que hai xente diante e dáche vergoña, ou por que consideras que é o teu deber facelo? Esta é a diferenza entre actuar por un fin ou por deber.



Immanuel Kant, Autor: Becker

Fronte as éticas materiais que se xustifican nun ben externo, Kant pregúntase que pode ser considerado un ben en si mesmo, é dicir, algo bo sen limitacións nin condicións. Contesta que **o único que pode ser considerado un ben en si mesmo é unha boa vontade**, unha vontade cuxa intención é impecable, independentemente dos contidos concretos e das consecuencias empíricas das súas decisións e accións.

### As características dunha boa vontade serían:

- a) Unha vontade considerada boa sen restricións decide e actúa exclusivamente **por sentido do deber**. Pero a vontade orienta a súa acción mediante tres tipos de normas ou imperativos: a) Contrarias ao deber, b) Conformes ao deber e c) **Por sentido do deber**. Só neste último caso, cando se actúa por sentido do deber, a vontade sométese a unha lei moral (universal e necesaria), non por pracer ou utilidade, senón por respecto á propia lei. Segundo Kant, só estes principios teñen valor ou mérito moral sen limitacións.
- b) A ética kantiana é **formal** porque **non establece o que se debe facer** (conforme o fin ou as consecuencias da acción), senón **só a forma en que debemos actuar**. Unha vontade para a cal o importante non é o que se faga (materia do acto moral), senón o como, é dicir, **que se faga por acordo completo da vontade co seu sentido interno do deber** (forma de acto moral).
- c) Unha vontade que actúa por puro sentido do deber orienta a súa acción mediante **imperativos categóricos ou principios morais incondicionados**. A forma máis xeral do imperativo categórico é a seguinte: "Iso débese facer sempre". Con palabras de Kant: **obra segundo unha máxima tal que poidas querer ao mesmo tempo que se converta en lei universal**. Polo tanto, o imperativo categórico é único. Da forma baleira e exclusiva do imperativo categórico seguen os múltiples exemplos de imperativos de deber ou leis morais concretas.
- d) Unha vontade que se prescribe a si mesma, que se dá a si mesma a súa propia norma mediante imperativos de deber é **unha vontade autónoma**, por canto a súa orientación procede da súa propia lei moral e non de motivos ou causas externas. Outra formulación do imperativo categórico, a seguinte en palabras do autor: "*Obra de tal maneira que a vontade poida considerarse a si mesma como lexisladora universal*". Nunha linguaxe máis sinxela, podería traducirse por "*actúa de tal maneira que desexes que todo o mundo faga o mesmo (non fagas o que non desexes que che fagan)*".
- e) Unha vontade autónoma e libre considera os demais homes, non como medios para conseguir un fin (éticas materiais), senón como fins en si mesmos. Os principios racionais, universais e necesarios da ética formal kantiana son leis morais válidas para todos os homes, posto que **só o home como ser racional é un fin en si mesmo e nunca só un medio** para outro. Outra formulación do imperativo categórico subliña a universalidade da ética formal kantiana: "*Obra de tal modo que uses a humanidade, tanto na túa persoa coma na persoa de calquera outro, sempre como un fin e nunca soamente como un medio*".



## 2.3 Resumo das diferenzas

- **Éticas materiais:** céntranse nos contidos ou fins das accións. As accións son boas se conducen a un ben concreto (felicidade, pracer, etc.)
- **Ética formal:** céntrase na forma ou principio que rexe a acción. As accións son boas se seguen un principio universal, o sentido de deber, independentemente das súas consecuencias.

Ambos os enfoques buscan orientar a conduta humana, pero fano dende perspectivas distintas: as éticas materiais fano dende o "que" e as formais dende o "como".



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 2

*Pois ben, todos os imperativos mandan hipotética ou categoricamente. Os hipotéticos representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira. O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún fin.*

I. Kant, *Fundamentos da metafísica dos costumes*, cap. 2.

Cuestións:

- a) A que ética corresponden os imperativos hipotéticos?
- b) A cal corresponde o imperativo categórico?
- c) Cal é a diferenza fundamental entre as éticas materiais e as formais?

## 3. DA HETERONOMÍA Á AUTONOMÍA MORAL

---

### 3.1 Introducción

Como vimos na epígrafe anterior, as éticas materiais non poden acadar unha universalidade porque son éticas de fins, e estas poden variar dunha cultura a outra, dunha persoa a outra. Son, polo tanto, as éticas da subxectividade.

Fronte a esta heteronomía e subxectividade, I. Kant propón unha ética formal, onde o importante non é o por que se fan as cousas, senón o como, é dicir, o importante non é o fin, senón a forma de actuar. A ética do deber non está suxeita ao subxectivismo dos fins.

Nesta ética formal, o importante non son as consecuencias das accións, senón a vontade delas. E, como vimos, unha boa vontade non é a que actúa por fins, senón por deber.

Así, consideramos máis loable quen coa *mellor* vontade tenta salvar un afogado, aínda que non o logre, que quen o fai por que é o seu traballo. O valor non está no resultado, senón na vontade. Esta consideración da vontade como determinante da bondade ou maldade dunha acción non so é aplicable ao ámbito da moral, senón tamén ao ámbito xurídico. Deste modo, a diferenza de cualificación legal entre un accidente, un homicidio e un asasinato está na vontade que motivou esa acción. No caso do accidente, o xuíz considera que non houbo vontade ou intención de facer dano. No caso do homicidio, aínda que non haxa unha vontade clara de dano, tampouco houbo unha vontade clara de evitalo. Por exemplo, quen provoca un accidente mortal por ir borracho. Non ten vontade de matar, pero si hai un comportamento negligente que pode causar vítimas inocentes. E finalmente o asasinato, onde si hai unha vontade clara de matar.

Claramente a vontade xoga un papel determinante na responsabilidade moral e penal. Por isto Kant fala da boa vontade, a vontade do deber, como a única que ten un carácter universal á hora de valorar a moral e as nosas accións.

Esta vontade do deber, non por obriga ou interese, senón polo "*sentido do deber*", está vinculada á madurez moral. Só unha persoa autónoma, capaz de estar por enriba das conveniencias, intereses ou convencionalismos, e que actúa por conciencia do propio deber, pode considerarse moralmente madura. Isto é o que imos desenvolver neste apartado.

Como apuntaban xa as análises de **J. Piaget**, a propia socialización moral tende, a partir dos sete anos, a desenvolver estruturas de razoamento e decisión calculadas, *conscientes*, nas cales o suceso actúa por si mesmo. Esa capacidade para elixir, decidir e actuar moralmente por si mesmo denomínase comunmente co termo "*autonomía moral*", acuñado no século XVIII polo filósofo ilustrado I. Kant (*autós* significa en grego "*si mesmo*" e *nomos*, lei); pola contra, cando as decisións son impostas, máis ou menos *inconscientemente*, con escaso ou nulo papel da vontade propia, falamos de *heteronomía moral* (*heteros* en grego significa "*outro*").

**A autonomía moral implica**, en primeiro lugar, o desenvolvemento da capacidade para **avaliar** conscientemente a validez das distintas **alternativas e das consecuencias** que delas derivan; e, en segundo lugar, a **independencia da vontade** para tomar unha decisión. Neste sentido, a autonomía non é mais que o exercicio consciente da liberdade moral. A **heteronomía moral**, pola contra, nace da **ausencia dunha verdadeira vontade propia** debida tanto a **presións exteriores** (os "outros": autoridades, valores, normas, costumes, etc. asumidas sen exame crítico), como a presións *interiores* (medos, desexos incontrolados, sentimentos cegos, etc.), sobre as cales non existe un verdadeiro control (tamén aquí cabería falar dunha especie de "outro", agora agochado no interior do suxeito).

**Autonomía e heteronomía son, pois, dous conceptos centrais de calquera análise ou teoría ética. Os dous representan os extremos da conduta moral do home.**

### 3.2 A conquista da autonomía moral

A conformación moral inicial dun individuo é sempre –e inevitablemente- heterónoma. A relación dun neno cos valores e as normas morais non é consciente e libremente elixida. O que "*está ben*" e o que "*está mal*" está xa establecido cando un individuo empeza a andar pola vida e a decisión de acatalo non lle é dado discutila, xa que nin sequera posúe unha capacidade racional que lle permita facelo pola falta de madurez intelectual. Porén, o desenvolvemento normal posterior da personalidade irá abrindo a posibilidade dunha conquista progresiva da autonomía moral. **A plena autonomía moral non é, pois, nunca un punto de partida, pero si pode –e debe- ser un punto de chegada para toda persoa adulta.** Non se trata dunha conquista fácil, xa que **require unha continua reflexión racional e un autocontrol da vontade que non todo o mundo está disposto a manter.** Ás veces é máis "*cómodo*" facer o que nos mandan ou "*convén*" que decidir por un mesmo, o que Kant chamaba a *minoría de idade* en sentido moral.

#### Teoría do desenvolvemento moral de J. Piaget

**Jean W. F. Piaget** (Suíza 1896-1980), biólogo e psicólogo evolutivo, fixo importantes estudos e achegas no ámbito da psicoloxía evolutiva e do desenvolvemento da moralidade. Fundamentou as súas teorías morais en dous dos seus aspectos: o respecto ás regras e a idea de xustiza dos nenos. Estableceu tres momentos claves no desenvolvemento moral da persoa:

- **Etapa premoral.** Esta etapa abarca os cinco primeiros anos de vida do neno, cando aínda non ten conciencia das regras. Isto fai que as vexan como algo imposible de cambiar e que se deben cumprir en sentido literal.

- **Etapa heterónoma ou de realismo moral.** Entre os 5 e 10 anos os nenos xa son conscientes das normas, e consideran as regras como unha imposición das figuras de autoridade, pais, profesores ou Deus, etc.. Pensan que as normas son sagradas e inalterables e, dende unha perspectiva maniquea de existencia do ben e do mal, cren nunha xustiza inminente onde calquera mal acto, cedo ou tarde, será castigado.

No final desta etapa, entre os 8 e os 10 anos, as normas deixan de ser vistas como *cousas reais* que teñen a súa orixe na autoridade absoluta e exterior dos adultos, e comezan a basearse no respecto mutuo entre compañeiros de xogos, os iguais. De aquí xorde a **noción de convencionalidade das normas ou regras dos xogos**, que son vistas como produtos de acordos entre xogadores (por exemplo, poñen eles mesmos as regras para xogar ao fútbol nun campo non preparado, e son eles quen delimita a meta, o fóra de xogo, etc..). Esta conciencia abre o camiño da seguinte etapa, a da autonomía.

- **Etapa autónoma.** A partir dos 10/12 anos, o rapaz xa se dá conta de que as regras son acordos arbitrarios que poden ser cambiados ou modificados con consentimento das persoas que as rexen. Entrando cara á adolescencia descubren principios morais xerais e xa actúan dun modo autónomo fronte ás normas exteriores. O respecto a estas últimas xa é persoal, non por temor ou obediencia acrítica á imposición dos adultos (léase sociedade).

### 3.3 O desenvolvemento moral de Lawrence Kohlberg

Un dos grandes investigadores da xénes e evolución da moralidade do individuo foi Lawrence Kohlberg (EE.UU). 1927-1987). Psicólogo estadounidense, profesor na Universidade de Harvard, dedicou gran parte do seu traballo a indagar no modo en que as persoas razoan os problemas morais. As súas análises, inspiradas directamente en Piaget, céntranse en como evoluciona o razoamento moral.

**As semellanzas entre Kohlberg e Piaget.** Igual ca Piaget, Lawrence Kohlberg cría que na evolución dos modos típicos de razoamento moral hai etapas cualitativamente distintas entre si e que a curiosidade por aprender é un dos principais motores do desenvolvemento mental ao longo das distintas fases da vida.

Ademais, tanto na teoría de Kohlberg como na de Piaget hai unha idea básica: o desenvolvemento do modo de pensar vai duns procesos mentais moi centrados no concreto (perceptible) ata o abstracto e máis xeral.

No caso de Piaget, isto significaba que na nosa primeira infancia tendemos a pensar só naquilo que podemos percibir directamente en tempo real e, pouco a pouco, imos aprendendo a razoar sobre elementos que non podemos experimentar en primeira persoa.

No caso de Kohlberg, significa que o grupo de persoas a quen desexamos complacer ou facer o ben vai medrando ata o punto de incluír a quen non vimos nin coñecemos previamente. Este proceso ético vaise facendo cada vez máis amplo e inclusivo, acompañado dos cambios que se producen no desenvolvemento moral dunha persoa na medida en que evoluciona na madurez intelectual e moral.

Segundo esta teoría, a moralidade dun individuo tende a evolucionar atravesando os niveis seguintes:

- a) **Nivel preconvencional.** Esta primeira etapa está caracterizada por un forte egocentrismo sen apenas empatía. O suxeito só busca satisfacer o seu propio interese, sempre baixo a presión do medo aos castigos ou impulsado pola propia conveniencia. Facemos as cousas por puro egoísmo ou por medo. É a conduta do neno que fai as cousas por medo a que lle rifen ou o adulto que as fai por conveniencia, por interese, por cartos, por egoísmo, etc.
- b) **Nivel convencional.** Está caracterizado pola identificación plena do individuo co grupo do que forma parte. O suxeito busca ante todo a conformidade e aprobación social de acordo coas convencións establecidas. Este nivel supón unha evolución respecto do anterior, no sentido de adecuarse aos convencionalismos sociais e, deste modo, ter mellor "imaxe" e aceptación no seo da sociedade. Pero isto non significa unha conciencia moral de excelencia dende o punto de vista moral. Podemos poñer como exemplo que, na Alemaña nazi, perseguir e incluso matar xudeus estaba "ben visto", é dicir, esa acción era boa dende o punto de vista da moral convencional daquela sociedade. Inda que evidentemente non era loable. En conclusión, movernos nunha moral convencional, maioritariamente aceptada por unha sociedade, non é garantía de actuar moralmente ben.
- c) **Nivel posconvencional.** Está caracterizado pola autonomía e independencia de criterio. O suxeito trata de establecer principios racionais de carácter universal para a toma de decisións, aínda que isto o obrigue a enfrontarse a valores e normas establecidas no seu contorno. Actuamos por criterio propio e non por convencionalismos, e moito menos por medo ou mero interese egoísta.

Cada un destes niveis supón un avance na conquista da autonomía moral do individuo e aparece estreitamente vencellado a outros aspectos da evolución da personalidade, como a educación, a madurez intelectual, a socialización, etc.

A autonomía moral (nivel posconvencional) non é alcanzada por todas as persoas. Factores ambientais (educación, socialización, formación intelectual, etc.) poden dificultar a súa consecución. Tamén hai unha compoñente persoal (carácter, predisposición intelectual, etc.) que pode impedir este nivel. Como sinalaba o filósofo da Ilustración I. **Kant** (Alemaña 1724–1804), o home, demasiadas veces, por preguiza ou por que prefire



que outros decidan por el, non ten a valentía de pensar e decidir por si mesmo. A isto chamáballo Kant **minoría de idade**, é dicir, a incapacidade de decidir por un mesmo.

Denunciaba **Friedrich Nietzsche** (1844–1900), filósofo e poeta alemán, na súa crítica á moral cristiá, que é necesario superar a **moral do rabaño** se queremos acadar esa autonomía que nos permita estar por riba do convencionalismo e dos prexuízos que nos levan a actuar como masa. Só acadando a capacidade de pensar por un mesmo poderemos acadar ese nivel de autonomía que nos permitirá superar egoísmos, intereses e convencionalismos, e actuar por principios racionais de carácter universal.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

1. O nivel preconvenicional do desenvolvemento da moral de Kohlberg corresponde cunha moral...
  - a) Autónoma
  - b) Heterónoma
2. O nivel convencional da moral de Kohlberg defínese por unha adecuación da nosa conduta ao socialmente establecido. Isto permite superar os prexuízos sociais?
  - a) Si, o individuo fai o que socialmente está establecido.
  - b) Non, facer o que socialmente se considera bo non sempre equivale a actuar por principios universais.
3. Quen acada o nivel posconvencional da moral de Kohlberg guía as súas accións por...
  - a) Criterios socialmente aceptados.
  - b) Criterios de autonomía e independencia moral.
  - c) Por conveniencia ou egoísmo.



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

- a) A ética sempre será unha actividade teórica e a moral unha práctica, máis conectada á acción.
- b) A moral nace vinculada ao costume, ao hábito, á práctica vivencial. A ética é unha racionalización da moral.

### Exercicio 2

- a) Os imperativos hipotéticos corresponden ás éticas materiais, as cales se sustentan na busca dun fin que lexitima as normas.
- b) O imperativo categórico corresponde a unha ética formal, onde a norma se xustifica polo deber, non por un fin.
- c) As primeiras son heterónomas e as segundas autónomas.

### Exercicio 3

- 1. b)
- 2. b)
- 3. b)